

CONSIDERACIÓNS

▼ Panorama xeral

En relación á **realidade socioeconómica** da área Ourense – Verín, o CES entende necesario destacar que as áreas funcionais de Ourense e Verín se sitúan no quinto e undécimo posto entre as doce áreas funcionais en que se divide Galicia en canto á cota de mercado, no cuarto e duodécimo lugar no índice industrial, no quinto e undécimo lugar no índice comercial, no sexto e noveno lugar no índice turístico e no cuarto e duodécimo lugar en canto ó índice de actividade económica.

A renda familiar dispoñible, indicador axeitado para medir a capacidade económica das familias unha vez efectuadas as operacións de redistribución por parte do sector público, mostra como para a área obxecto de estudo o nivel económico maioritario é o catro (de 8.225 a

8.800 euros/ano), nunha escala que acada o seu valor máximo no dez.

O tramo de base imponible onde os concellos pertencentes á área funcional teñen unha maior porcentaxe de declarantes é o segundo (de 0,5 a 1,5 millóns de pesetas), agás o concello de Ourense, onde a maior parte de declarantes está no tramo terceiro de base imponible (de 1,5 a 3 millóns de pesetas).

Emprego

No que respecta ó **ámbito demográfico**, o CES entende necesario resaltar que no período que vai dende o 1 de maio de 1996 ó 1 de xaneiro de 2003, a poboación da área Ourense–Verín reduciuse en 4.262 individuos, o que supón unha taxa de redución do 1,37%. Esta redución no volume de poboación é común a tódalas

comarcas da área analizada, agás na comarca de Ourense, onde se incrementou a poboación en 4.984 individuos.

As áreas obxecto de estudio presentan unha estrutura de poboación onde os grupos de idade maioritarios, tanto de homes como de mulleres, son os que corresponden á franxa de idade comprendida entre 65 e 69 anos. Se ben no caso das mulleres o segundo grupo en importancia numérica é o comprendido entre 70 e 74 anos, no caso dos homes, este correspóndese coas idades comprendidas entre 20 e 24 anos. Esta estrutura piramidal presenta un marcado carácter invertido nas comarcas de Terra de Celanova, Terra de Caldelas, O Ribeiro, A Limia, A Baixa Limia e Allariz-Maceda.

O **saldo vexetativo** (diferencia entre os nacementos e as defuncións) entre 2000 e 2001 acadou valores negativos en tódalas comarcas que integran a área funcional, contribuíndo ó descenso da poboación. Sen embargo, na área analizada, o número de nacementos e defuncións reducíronse nunha porcentaxe menor e maior, respectivamente, en relación ás variacións no total da provincia de Ourense, así como no conxunto de Galicia.

O CES entende necesario destacar que o 44,3% da poboación da área funcional reside en núcleos de poboación de máis de 10.000 habitantes, concentrada en 3 concellos (dos 79 localizados na área): Ourense, co 75,9% do total da poboación da comarca, O Carballiño, co 43,6% do total da poboación comarcal, e o concello de Verín, co 46,9% do total da poboación da comarca.

É preciso sinalar que o saldo migratorio é positivo para o conxunto da área funcional Ourense–Verín.

No referente ó **mercado de traballo**, o CES entende necesario salientar que tanto a taxa de actividade (relación entre a poboación activa e a poboación maior de 16 anos) como a taxa de ocupación (relación entre a poboación ocupada e a poboación maior de 16 anos), cuns valores do 43,5% e 37,6%, respectivamente, son inferiores ás rexistradas no conxunto de Galicia como media (49,7% e 43,4%), mentres que a taxa de paro (relación entre a poboación parada e a activa), situada no 13,6% para a área obxecto de estudio, supera á media galega en 1 punto porcentual (12,6%).

Segundo a distribución por ramas de actividade, o 62,7% do total de ocupados na área obxecto de estudio pertencen ó sector servizos, o 16% dedícase a actividades industriais, o 13,5% á construción, e a agricultura sitúase no cuarto posto co 7,7% da poboación ocupada da área funcional. Hai que destacar que a comarca de Ourense lidera a ocupación nestes sectores, agás na agricultura, onde a comarca de A Limia é a de maior ocupación no sector. Comparado co total galego, cabería destacar a maior importancia relativa do sector servizos (que se sitúa no 58,2% para o conxunto de Galicia), mentres que o resto dos sectores acadan valores próximos ó caso galego (agricultura o 7,5%, industria o 18,8% e construción 12,1%).

En relación á distribución da poboación ocupada, no conxunto da área analizada, o 75% son asalariados, dos que o

67,3 % son fixos e o 32,7% restante, eventuais. É a comarca de Ourense a que presenta un maior peso, absoluto e relativo, da súa poboación asalariada, acadando o 81,5% da súa poboación ocupada total.

Dentro da poboación inactiva, hai que destaca-lo colectivo dos xubilados, xa que representa o 49,4% desta poboación, superando en case nove puntos porcentuais á porcentaxe rexistrada no conxunto de Galicia.

Os datos do paro rexistrado nas oficinas de emprego da Xunta de Galicia para os anos 2001 e 2002 indican un incremento do 9,7% na área Ourense-Verín, incremento lixeiramente superior ó experimentado no conxunto de Galicia (9,2%). Tendo en conta a distribución das persoas desempregadas en función da súa idade, o 25,6% das persoas desempregadas da área funcional teñen menos de 30 anos, das que o 60,2% son mulleres. En xeral, o 57,7% das persoas desempregadas da área son mulleres, das que o 72,4% teñen máis de 30 anos.

O CES entende necesario destacar a relevancia do feito de que unha soa das dez comarcas que compoñen a área analizada concentra a maior parte da actividade económica e consecuentemente a maior parte da poboación: é a comarca de Ourense, co 46,9% da poboación da área de Ourense-Verín.

A relación poboación ocupada/pensionistas no conxunto da área analizada non supera o 1,1. Sen embargo, considerando os datos do conxunto da área fun-

cional agás a comarca de Ourense, esta relación baixa ata o 0,78. Neste senso, dos datos da área Ourense-Verín, exceptuando a comarca de Ourense, dedúcese que o número de persoas ocupadas é inferior ó número de pensionistas, sendo este último grupo superior ó número de persoas ocupadas en calquera outro sector económico do conxunto da área analizada agás a comarca de Ourense. Nomeadamente, 44.647 ocupados fronte a 56.993 pensionistas. É a concentración da actividade económica da provincia na comarca de Ourense a que eleva para o conxunto da área de Ourense-Verín as baixísimas taxas de actividade e ocupación que se rexistran noutras comarcas da área. Constátanse, unha vez máis, as xa case crónicas características dominantes da provincia de Ourense: o forte avellentamento da poboación e a falla de dinamismo socioeconómico na zona.

O CES considera importante tamén por en comparación as baixas taxas de actividade e ocupación xunto coas altas taxas de paro da área analizada en relación ós obxectivos fixados pola Unión Europea na “*Estratexia Europea de Emprego*” para o ano 2010. Neste senso, a taxa de ocupación da área de Ourense-Verín sitúase no 37,6%, fronte ó 64,1% desta taxa na UE-15, segundo datos proporcionados polo Eurostat, e fronte ó 70% previsto nos Obxectivos UE 2010. No que respecta á taxa de ocupación feminina, na área de Ourense-Verín esta sitúase no 28,6%, fronte ó 55% da UE-15 e fronte ó 60% previsto nos obxectivos UE 2010.

O CES entende necesario salientar, así mesmo, que taxas de ocupación como

as de a Baixa Limia (29%), fronte á media galega do 43,4% ou á europea do 64,1%, sitúanse en niveis moi baixos. Nesta comarca o número de pensionistas (4.119 persoas) é un 61% superior ó dos ocupados (2.588 persoas); sendo catro comarcas máis da área analizada as que non chegan a acadar nin a metade de taxa media de ocupación na UE no ano 2001 e fican moi lonxe do obxectivo fixado para o ano 2010 pola UE do 70% de poboación ocupada. Ditas comarcas son Terra de Caldelas (29,6%), Terra de Celanova (29,5%), O Ribeiro (30,8%) e Verín (31,8%)

No marco das **medidas activas de emprego**, a programación FIP ó longo do ano 2002 supuxo a realización dun total de 241 cursos na área funcional cun orzamento total de 6,9 millóns de euros, o que supón o 16,9% do total de cursos realizados en Galicia e o 17,1% do orzamento total para a comunidade galega. Das actuacións para o fomento do emprego e da estabilidade laboral, beneficiáronse un total de 1.340 traballadores da área (o 9,8% dos beneficiarios galegos), cun investimento de 4,77 millóns de euros (o 13,2% do total investido en Galicia). O investimento para axudas ó autoemprego e a economía social ascendeu a 3,88 millóns de euros (o 14,2% do investido en Galicia). Finalmente, os programas de cooperación e escolas obradoiro beneficiaron a 2.274 persoas (20,2% da comunidade galega), cun investimento de 15 millóns de euros.

Sectores productivos

No que respecta ós sectores productivos da área Ourense–Verín, o CES entende necesario ter en conta que o Dirce contabiliza un total de 19.113 empresas no conxunto da área funcional, o que supón o 89,9% do total da provincia de Ourense, así como o 11,1% do conxunto de Galicia. O 54,6% do total de empresas da área localízanse na comarca de Ourense, seguida a distancia pola comarca de Carballiño, co 9,7% das empresas. Do total de empresas contabilizadas, o 30,1% están enmarcadas dentro da actividade de “Comercio, reparación de vehículos de motor, motocicletas, artigos persoais e de uso doméstico”, mentres que o segundo posto ocúpano as empresas incluídas dentro da actividade de construción, representando o 16,9% do total.

Segundo os datos proporcionados por Ardán, en canto ó valor engadido xerado polas empresas dos diferentes sectores na área funcional, o sector industrial é o preponderante, acadando o 34,2% do total da área analizada, seguido do sector da construción e obras públicas, que aca para o 33,8%. Para esta variable, os sectores primario e de servizos sitúanse no 17,4% e 14,5% respectivamente.

Ademais, os datos analizados amosan a forte concentración que se dá no seo da área Ourense–Verín, o que constitúe unha das súas características máis destacadas. Dos oito núcleos principais en canto á localización do VEB xerado polas empresas, cinco corresponden á comarca de Ourense.

No que respecta ó **sector primario**, destaca a importancia da actividade agrogandeira, xeradora no ano 2001 dun valor engadido que representa o 49,1% do total do sector primario da área funcional.

Os datos recollidos no **anexo 15** do informe reflicten que, no período 1991-2002, o 92% dos concellos que compoñen a área de Ourense-Verín perderon máis do 50% das súas explotacións de gando bovino e o 20% dos concellos da área analizada perderon máis do 20% da súa poboación. En consecuencia, o CES considera que é preciso frea-lo despoboamento do medio rural e o peche incontrolado de explotacións, para o que resulta necesario poñer en marcha políticas e actuacións específicas neste senso, con carácter xeral na área analizada pero con especial incidencia nos concellos que presentan indicadores máis negativos respecto da perda de poboación e o peche de explotacións.

A utilización máis común da superficie na área analizada é a forestal, que supón o 65,2% da superficie total de Ourense-Verín, superando o 60% acadado no conxunto de Galicia. Sen embargo, cabe salientala superficie dedicada ó cultivo de viñedo, especialmente nas comarcas de O Ribeiro (onde representa o 31% da superficie total dedicada na comarca a cultivos non forestais) e Verín, coas denominacións de orixe Ribeiro e Monterrei. Ademais, a superficie utilizada no cultivo da pataca na comarca de A Limia representa o 86,7% do total existente en Galicia na denominación de orixe “Pataca de Galicia”, que no ano 2001 representou o 77,25% do total de produto comerciali-

zado baixo a citada denominación no conxunto de Galicia.

Segundo os datos proporcionados polo INEGA, na área Ourense-Verín existen 14 **instalacións hidroeléctricas** con potencia superior a 10 Mw e 17 instalacións con potencia non superior a 10 Mw.

A enerxía hidroeléctrica xerada, así como a potencia total das instalacións situadas na área de Ourense – Verín ó longo do ano 2002, supuxo o 55,3% e o 51,2%, respectivamente, do total da enerxía xerada e potencia instalada no conxunto de Galicia no citado ano.

O CES entende necesario destacar a importancia do aproveitamento da auga como recurso natural na área funcional, nunha aposta polo afianzamento das fontes de enerxía renovables.

O subsector de **bens de consumo** é o que máis destaca dentro do **sector industrial**, xa que no ano 2001 xerou un valor engadido de 77,96 millóns de euros, o 42,9% do sector industrial. Tras este sitúase o subsector de bens de equipamento, co 32,8% do VEB do sector industrial.

O CES entende necesario considerar que o incremento do valor engadido a custo de factores experimentado polo **sector da construción** no período 2000-2001 (o 16,33%) foi o maior de tódolos sectores analizados, estando por encima do acadado no sector primario (7,78%), do sector servicios (10,1%) e do incremento experimentado polo sector industrial (10,57%).

No relativo ó **sector servicios**, a densidade comercial da área funcional en relación ó comercio polo miúdo é de 14,5 establecementos por cada mil habitantes, lixeiramente inferior á rexistrada no conxunto de Galicia (15,2). Ó igual que acontece no conxunto de Galicia, o grupo de actividades de “outro comercio polo miúdo de artigos novos en establecementos especializados” é o que acolle o maior número de establecementos. O volume total de facturación das actividades de comercio polo miúdo é de 225,85 millóns de euros, correspondendo a maior porcentaxe á comarca de Ourense, co 87,1% do total da área analizada.

O volume de facturación das actividades de comercio polo xunto foi superior ós 708 millóns de euros, destacando “Comercio maior non especializado, produtos alimenticios, bebidas e tabaco” co 22,1% da facturación do comercio polo xunto na comarca de Ourense.

A oferta turística da área funcional (constituída por hoteis, hostais, fondas e establecementos de turismo rural) conta con 5.014 prazas, das que o 54,3% sitúanse en establecementos hoteleiros.

Panorama social

No que atinxe ó **ámbito educativo**, a partir dos datos proporcionados polo *Censo de poboación e vivendas 2001*, conséntase que o 26,3% da poboación de Ourense–Verín non completou o bacharelato elemental, ESO ou EXB (mentres que no caso galego sitúase no 26,80%), e o 24,8% presenta menos de cinco anos de escolarización (16,40% no caso galego).

O 5% da poboación da área analizada posúe estudos de formación profesional e o 9,2% da poboación de 16 e máis anos na área de Ourense–Verín ten estudos universitarios.

Tendo en conta os cursos de formación ocupacional impartidos en cada unha das comarcas da área, o maior número de ofertas e demandas dáse na comarca de Ourense, pero hai que destaca-lo reducido número de coincidencias existentes entre as ocupacións máis ofertadas e demandadas de cada comarca.

No referente á taxa de analfabetismo, cómpre salientar que sete das dez comarcas que compoñen a área obxecto de análise teñen unhas taxas de analfabetismo superiores á media provincial, e que só a comarca de Ourense presenta unha taxa de analfabetismo (1,5%) inferior á taxa de analfabetismo de Galicia (2,1%).

En relación ós **servicios sociais**, na área funcional Ourense–Verín, atópanse o 9,9% dos beneficiarios das rendas de integración social de Galicia (Risga) e o 16,5% dos beneficiarios das axudas de emerxencia social respecto do total galego.

A poboación maior de 65 anos na área funcional para o ano 2002 representa o 27,9% da poboación da área, mentres que esta porcentaxe acada o 21,2% no conxunto de Galicia. Neste senso, os índices de vellez, envellecemento, sobreenvellecemento e de dependencia económica presentan valores superiores ós rexistrados para o conxunto da comunidade autónoma. O índice de envellecemento des-

taca por situarse 67,3 puntos porcentuais por riba do índice calculado para o conxunto de Galicia.

A 31 de decembro de 2002, existían na área funcional 5 residencias públicas (correspondentes todas elas á rede da Xunta de Galicia) e 28 privadas, o que supón o 29,2% do total galego. Ademais, a área Ourense – Verín conta con 10 vivendas comunitarias, 2 centros de día e 2 fogares e clubs e 9 centros incluídos dentro da categoría de “Outros centros sociais”.

No marco do *Plan Galego de Persoas Maiores 2001-2006*, a Consellería de Sanidade ten previsto a localización de residencias nas comarcas de Ourense e Terra de Celanova.

No eido do **medio ambiente**, o CES entende necesario destacar que o 89% dos incendios rexistrados na área funcional foron intencionados.

Na área Ourense–Verín destaca a existencia de dous parques naturais, o da Baixa Limia–Serra do Xurés (cunha superficie de 20.920 Ha.) e o do Invernadeiro (cunha superficie de 5.722 Ha.).

A Rede Natura 2000, iniciativa comunitaria que ten como finalidade asegurar-la conservación de hábitats e especies, inclúe dentro da área obxecto de estudio os espazos seguintes: Macizo Central Ourense, Baixa Limia, Pena Maseira e Pena Trevinca.

Desenvolvemento territorial

No que ás **estradas** se refire, e tendo en conta a clasificación do *Mapa comarcal de Galicia* (onde o rango I abranguearía os nodos máis relevantes fronte ós de rango V), a área Ourense–Verín conta cun nodo de rango I no concello de Ourense e dous de rango III nas comarcas de O Carballiño e Verín, mentras que o resto dos existentes son calificados como de rango IV e V.

As actuacións propostas no *Plan director de infraestructuras de Galicia 2001-2010* e no *Plan Galicia* sobre a rede estatal son a autovía Lugo-Ourense (100 quilómetros e 270,5 millóns de euros de investimento) e a autovía Verín-Fronteira portuguesa N-532 (14 quilómetros e 36,1 millóns de euros de investimento).

Cabe salientalo comezo do segundo tramo da autoestrada Santiago–Ourense, que unirá o Alto de Santo Domingo (Dozón) co enlace de Barbantes (A-52), cun orzamento previsto de 153.250.000 euros.

No marco do **Programa de alta velocidade ferroviaria**, o *Plan director de infraestructuras de Galicia 2001-2010*, dentro da área Ourense–Verín destacan o trazado Ourense–Lugo e Ourense–Santiago

No que respecta á rede convencional da área funcional, as principais actuacións son a conexión Ourense–Monforte–Lugo, a liña Ourense–Vigo e a liña Ourense–Santiago.

En materia de **infraestructuras hidráulicas**, a área funcional Ourense–Verín está sometida ás actuacións que, baixo o *Plan de Saneamento de Galicia 2000-2015*, lévanse a cabo co obxectivo do cumprimento da Directiva Europea 91/271, de 21 de maio de 1991, sobre o tratamento de augas residuais urbanas.

A oito de maio de 2003 había na área funcional analizada cinco **parques empresariais** operativos promovidos polo Instituto Galego de Vivenda e Solo e xestionados por Xestur, emprazados nos concellos de Allariz, O Carballiño, Pereiro de Aguiar, Sarreaus e Xinzo de Limia; tres parques en execución, e cinco parques en curso.

Mentres que o *Plan director de infraestructuras de Galicia 2001-2010* inclúe catro parques empresariais en fase de execución nos concellos de Celanova, Entrimo, Ribadavia e Verín, o *Plan Galicia* inclúe a construción de sete novos parques empresariais na área funcional.

Por outra banda, o CES entende necesario sinalar que se está a traballar na creación na zona de Verín do chamado Centro Europeo de Automoción, unha plataforma loxística e industrial, cunha superficie de 50.000 metros cadrados e un investimento previsto de 31,26 millóns de euros, que será desenvolvida como un proxecto transfronteirizo, en colaboración coa zona portuguesa de Chaves. ■